



# A FOLLA DA CGT

Núm. 8 - 30 xaneiro 2020

## IA: Empregos nin a 1.000 euros

A licitación do soporte informático saíu a finais do ano pasado, resultando gañadora **Emergya**, que debe facerse cargo do ser-

vizo o 1 de febreiro.

O xoves pasado, colgou unha oferta de traballo en *Infojobs* ofrecendo un **salario bruto de 15.000€ anuais** e esixindo titulación de FP superior e unha experiencia mínima de 3 anos. É un **salario de miseria** que representa **menos de 1.000 euros netos ó mes**.

O venres a modificáron e puxeron que o salario non estaba dispoñible, pero aquí está a proba documental:



### Técnico/a de soporte informático

Emergya Ingeniería SL

Ferrol, A Coruña (España)

Publicada hace 1d

Salario: 15.000€ - 15.000€ Bruto/año

Experiencia mínima: al menos 3 años

Tipo de contrato: otros contratos, jornada completa

**Semellantes condicións laborais non se poden tolerar. Nesta factoría non pode traballar ningunha compañía que non respecte os acordos da IA.**

Hai que esixirlle á dirección de Navantia que os pliegos de licitación recollan o cumprimento dos acordos. E tamén hai que esixirlle garantías de emprego en tódolas tarefas de carácter permanente e, consecuentemente, que a licitación recolla a subrogación dos traballadores.

Pero nisto hai outra cara. A nova empresa ten que comezar a semana que vén, pero aínda non apareceu por Ferrol para coñecer o traballo que terá que desenvolver.

¿Gañará ou perderá Navantia como empresa pública substituíndo traballadores con experiencia por outros que non saben nada do traballo que van ter que facer aquí, que van cobrar menos de 1.000 euros ó mes e

que, por tanto, desaparecerán en canto atopen un emprego mellor?

¿Favorece ou prexudica o futuro de Navantia unha subcontratación baseada no abuso e na explotación?

Ós que toman as decisións en Navantia non parece importarlles nada o dano para o futuro da empresa que causa a subcontratación masiva e a adxudicación de contratos sen mirar os aspectos técnicos, senón só os económicos. Isto significa que as empresas compiten entre sí en base ó abaratamento dos custes laborais. E unha vez conseguido o contrato, malo será que non se poida arranxar algunha ampliación do orzamento.

A postura da **CGT** na permanente do comité celebrada este martes foi que había que mobilizar á factoría, empezando por aproveitar a concentración prevista para o día seguinte para explicar esta situación. A maioría do comité rexeitouno.

Se realmente queren loitar contra a subcontratación, teñen que adoptar unha actitude sindical moito máis agresiva. O resto son brindes ó sol.



## Carga de traballo

O problema da carga de traballo para cubrir o baleiro entre a fin dos AAOR e as F-110 segue sen solución. E non se resolverá se o movemento obreiro non mantén unha **actitude** moito máis **enérxica**.

Nas últimas mobilizacións houbo pouca participación, e na nosa opinión se debeu a que moita xente pensa que chegan tarde ou que, tan espaciadas, perden eficacia.

Na **CGT** pensamos que sempre hai que participar nas accións acordadas colectivamente. Pero tamén opinamos que é necesario un nivel maior de mobilización.

Hai un goberno de coalición entre PSOE e os partidos á súa esquerda, o primeiro dende a Segunda República. Podemos pensar que non fai falla mobilizarnos porque serán sensibles ós problemas dos traballadores e da empresa pública.

Pero este goberno se vai atopar con moitos atrancos por parte da dereita política (PP, Cs e Vox), económica (CEOE-Cepyme) e ideolóxica (Igrexa católica, determinando xuíces e medios de comunicación...).

Se queremos políticas favorables á nosa clase, temos que mobilizarnos para facelas valer fronte ó bloque reaccionario.

As solucións non van vir de xuntanzas como a mantida onte polos comités de Fene e Ferrol cos grupos parlamentarios galegos. Este ano tocan autonómicas, así que todo foron

declaracións de amor, incluído o PP, que cando gobernaba retrasou as F-110 porque un ministro quería que os seus amigos pillasen cacho no pastel!

Feijoo busca unha nova operación de imaxe electoralista, como a que montou hai uns anos con **Pemex**. Xa se ve o resultado: **Barreras** está ó borde da liquidación.

Temos que mobilizarnos pola carga de traballo, con empregos e salarios dignos, e non por negocio para uns poucos a costa dos traballadores e os cartos públicos. Neste senso, en relación coa noticia de que a Armada non descarta fabricar o BAM-IS nun **estaleiro privado**, a **CGT** expresoulles ós representantes do PSOE e de Unidas Podemos que sería inaceptable que non se construíse no estaleiro que é propiedade do Estado.

O comité tamén trasladou a recente información de Navantia sinalando unha modificación do proxecto de novo dique, indicándolles que a modernización non se pode retrasar. Comprometéronse a facer xestións sobre ambos temas. O mellor que podemos facer os traballadores para favorecer tales xestións é estar alerta e mobilizados.



### Recollida de sinaturas para una asemblea xeral

Dado que a maioría do comité (CCOO, MAS e UGT) non convoca a asemblea xeral que a situación dos **novos ingresos** esixe (situación que é moito peor cá que había cando se convocou unha a finais de outubro), está en marcha unha recollida de sinaturas, nas que estamos participando tanto a **CGT** como a CIG.

Animamos a tódolos traballadores e traballadoras de Navantia a asinar e a colaborar na recollida porque, independentemente do que despois cadaquén opine ou vote na asemblea, manter a **dinámica asemblearia** e de toma de decisións polos traballadores que historicamente caracterizou á nosa factoría ten unha grande importancia.



#### Contacta connosco:

Teléfono Interior: 1213  
Telf. Exterior: 981 33 12 13

Correos electrónicos:  
cgt.fe@navantia.es  
naval.ferrolterra@cgtgalicia.org



**CGTNavantiaFE**